



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251
correo@carnota.gal
www.carnota.gal

NOTIFICACIÓN

Poño no seu coñecemento de todos os aspirantes no proceso de estabilización do Concello de Carnota que a Alcaldía do Concello de Carnota, o 12-09-2025, ditou a resolución con número 507/2025 que deseguido lle notifico:

“

Procedemento: Abreviado 0000091/2025

Xulgado contencioso – administrativo n.4 – A Coruña.

Trámite: Resolución acordando a remisión do expediente ó Xulgado e o emprazamento dos interesados.

Antecedentes

Por requirimento remitido ao Concello de Carnota por parte do Xulgado Contencioso – Administrativo n. 4 – A Coruña, para que se remitan os expedientes administrativos sobre Administración Local-cuestións de persoal.

No proceso xudicial impúgnase:

A desestimación do Recurso de Alzada presentado polo recorrente ante a Alcaldía do Concello de Carnota fronte ao Acordo contido na Acta nº 3 de 28/11/2024 adoptado polo Tribunal cualificador nomeado ao efecto pola resolución da Alcaldía, no seno do procedemento de estabilización do emprego temporal acordado en Expedientes nº 2023/E001/000025 (Operario de Servizos Múltiples), nº 2023/E001/000026 (Operario de Servizos Múltiples), nº 2023/E001/000028 (Chofer de Tractor).

A vista disto, resolvo :

1. Remitir ao Xulgado Contencioso-Administrativo número 4 da Coruña os documentos relativos aos expedientes administrativos indicados nos antecedentes desta resolución.
2. Emprazar aos interesados para que poidan persoarse como demandados no prazo de nove días ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo nº4 de A Coruña, na forma legalmente prevista, notificando persoalmente nos cinco días seguintes á data desta resolución a todos aqueles participantes que quedaron en primeiro lugar nos procesos selectivo finalizados, e notificar en forma de edicto para xeral coñecemento de todos os participantes en todos os procesos de estabilización emprego do Concello de Carnota.
3. Dar traslado notificando esta resolución a tódolos interesados no expediente, en cumprimento do artigo 49 da Lei da Xurisdición Contencioso – Administrativa.

O alcalde Dou fe.
Juan Manuel Saborido Rama

O secretario
José Luis Veiga Sierra

”

O Secretario
José Luis Veiga Sierra